



Roj: **STSJ GAL 980/2019 - ECLI:ES:TSJGAL:2019:980**

Id Cendoj: **15030330042019100080**

Órgano: **Tribunal Superior de Justicia. Sala de lo Contencioso**

Sede: **Coruña (A)**

Sección: **4**

Fecha: **01/03/2019**

Nº de Recurso: **15297/2018**

Nº de Resolución: **109/2019**

Procedimiento: **Procedimiento ordinario**

Ponente: **FERNANDO FERNANDEZ LEICEAGA**

Tipo de Resolución: **Sentencia**

T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.4

A CORUÑA

SENTENCIA: 00109/2019

- Equipo/usuario: IL

Modelo: N11600

PLAZA GALICIA S/N

N.I.G: 15030 33 3 2018 0000480

Procedimiento : PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015297 /2018 /

Sobre: ADMINISTRACION TRIBUTARIA Y FINANCIERA

De D./ña. Otilia , Penélope , Raimunda

ABOGADO ALVARO SAEZ ESCUDERO, ALVARO SAEZ ESCUDERO , ALVARO SAEZ ESCUDERO

PROCURADOR D./D^a. ADRIANA RODRIGUEZ ALVAREZ, ADRIANA RODRIGUEZ ALVAREZ , ADRIANA RODRIGUEZ ALVAREZ

Contra D./D^a. CONSELLERIA DE FACENDA, TRIBUNAL ECONOMICO-ADMINISTRATIVO REGIONAL DE GALICIA

ABOGADO LETRADO DE LA COMUNIDAD, ABOGADO DEL ESTADO

PROCURADOR D./D^a. ,

RELATOR: D. FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA

NO NOME DE EL-REI

A Sección 004 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciou a

SENTENZA

Ilmos./as. Sres./as. D./D^a

JOSE MARIA ARROJO MARTINEZ

JUAN SELLÉS FERREIRO

FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA

MARIA DEL CARMEN NÚÑEZ FIAÑO

A Coruña, un de marzo dous mil dezanove.

No recurso contencioso-administrativo que, co número **15297/2018**, presentado por D^a Otilia , Penélope e Raimunda , representado polo procurador Sra. Rodríguez Álvarez , dirixido polo letrado D^o. Saez Escudero,



contra o acordo de 30.11.2018 do TEAR. É parte a Administración demandada o TEAR, representado polo letrado do Estado e a CONSELLERÍA DE FACENDA, coa asistencia do letrado da Xunta.

É relator o Ilmo. Sr. D. FERNANDO FERNÁNDEZ LEICEAGA.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - Admitiuse a trámite o recurso, e practicáronse as dilixencias oportunas, presentado o recorrente a súa demanda, na que solicitou que se acollera integramente o recurso.

SEGUNDO. - Conferido traslado á parte demandada, solicitouse a desestimación do recurso, de conformidade cos feitos e fundamentos de dereito consignados na contestación da demanda.

TERCEIRO. - Recibíndose o asunto a proba e declarado concluso o debate escrito, quedaron as actuacións sobre a mesa para resolver.

CUARTO. - Na sustanciación do recurso observáronse as prescricións legais, sendo a súa contía indeterminada.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

PRIMEIRO.- O acto que se recorre é o acordo de 30.11.2018 do TEAR que rexeita a reclamación económico administrativa contra a liquidación do IPTAXD deivada da escritura de 16.07.2012: extinción de copropiedade de fincas.

SEGUNDO.- O recurso baséase na: a) nulidade da liquidación: consonte coa STSX Galicia de 28.10.2015 non procedía facer unha nova liquidación (a 1ª non estaba anulada) senón que o TEAR resolvera a cuestión controvertida nos termos suscitados , b) prescrición do dereito a liquidar, c) incorreta notificación da liquidación, d) caducidade do procedemento de xestión, e) falta de congruencia da resolución do TEAR, e f) non existe exceso de adxudicación.

O letrado do Estado e Xunta opoñense a súa pretensión.

Motivo A. Compre resolver se a administración (autonómica e TEAR) actuaron consonte cos pronunciamentos da STSX galicia de 28.10.2015, é dicir, se esta autorizaba a entender anulada a liquidación inicial e a practica dunha nova.

Adianto - facendo unha autocrítica o selo ponente da sentenza de 28.10- que a pretensión do recorrente non deixa de ter certa lóxica xa que a sentenza, expresamente, só realiza un razoamento de tipo procesual ó entender que o TEAR muda os termos da liquidación (do art 7.1.A ó 7.2.B); nembargantes o FALLO é acollelo recurso - íntegramente- anulando o acordo do TEAR (é, polo tanto, a liquidación), polo que, implícitamente se estaba dicindo (por razón de economía procesual) que a liquidación polo art. 7.1.A non era correcta e que o procedente era realizar unha nova liquidación (carecía de sentido retrotraelo expediente ó TEAR para que este fixera o pronunciamento), e así resulta do FX da sentenza, onde expresamente se fai constar esta circunstancia.

Do dito resulta que a administración actuou correctamente o estar anulada a liquidación inicial.

Motivo B. O recorrente considera que a decisión adoptada na sentenza de 28.10 supón que a liquidación incorría nunha causa de nulidade de pleno dereito e, en consecuencia, que todo o actuado no interrompiu a prescrición (art. 68.1-a) e b) Lei 58/2003) da acción para liquidar.

Non podemos compartir esta pretensión. Coma establece a STS 29.09.2014 : *Segundo indicamos na citada sentenza do 26 de marzo de 2012 (RJ 2012, 5101) (casación 5827/09 , FJ 4º), establecendo un criterio reiterado na do 19 de novembro de 2012 (RJ 2012, 10893) (casación en interese da lei 1215/11 , FJ 4º) e na do 15 de setembro de 2014 (JUR 2014, 253159) (casación 3948/12 , FJ 5º), o feito de que non caiba retrotraer as actuacións cando a liquidación adoece dun defecto substantivo, debendo limitarse o pronunciamiento económico-administrativo a anulala, ou a declarar a súa nulidade de pleno dereito se se atopa afectado dalgún dos vicios que a determinan, non trae de seu que lle estea vedado á Administración aprobar outra liquidación (poden consultarse neste sentido catro sentencias do 14 de xuño de 2012, ditadas nos recursos de casación 2413/10 [RJ 2012 , 8312] , 6386/09 [RJ 2012 , 8261] , 6219/09 [RJ 2012 , 8262] e 5043/09 [RJ 2012, 9734] , FJ 3º nos catro casos). Como en calquera outro sector do dereito administrativo, ante tal tesitura, a Administración pode ditar, sen tramitar outra vez o procedemento e sen completar a instrución pertinente, un novo acto axustado a dereito mentres a súa potestade estea viva. Isto é, unha vez anulada unha liquidación tributaria na vía económico-administrativa por razóns de fondo, cábelles á Administración liquidar de novo, a*



condición de que a súa potestade non prescribise, debéndose lembrar a este respecto a nosa xurisprudencia que nega efectos interruptivos da prescrición aos actos nulos de pleno dereito [véxanse as sentenzas do 11 de febreiro de 2010 (casación 1707/03 , FJ 4º. C), 20 de xaneiro de 2011 (casación para a unificación de doutrina 120/05 , FJ 7º) e 24 de maio de 2012 (casación 6449/09 , FJ 5º), xa citadas ut supra].

Tamén a STS 09.04.2015 recolle: Que o réxime da interrupción da prescrición tributaria que se regula na LGT (RCL 2003, 2945) está vinculado ao "coñecemento formal polo suxeito pasivo da actuación administrativa tendente á exacción do tributo" así como á interposición de recursos ou reclamacións de calquera clase, isto é, ao "silencio da relación xurídica" que, a xuízo do TS non existe cando o acto da Administración é meramente anulable. Coas súas palabras a anulación dunha liquidación tributaria non leva consigo a desaparición do efecto interruptivo da prescrición, xa que se constitúe tal acto administrativo unha acción "con coñecemento formal do suxeito pasivo, conducente ao recoñecemento, regulación, inspección, aseguramiento, comprobación, liquidación e recadación do imposto devengado" producirá a interrupción da prescrición, segundo o artigo 66 da Lei Xeral Tributaria , con independencia de que dita acción administrativa sexa substituída por outra no devir do procedemento de xestión do tributo (...) Se a anulación dun acto non significa que desaparece o dereito da Administración, os actos do contribuínte nos recursos presentados e as actuacións precedentes efectuadas pola Inspección de Tributos si que teñen efectos interruptivos da prescrición"

Consonte coa indicada xurisprudenza resulta que, se ben á nulidade da liquidación é por un motivo sustantivo (aplicación do art. 7.1.a e no 7.2.b) esto non supón que sexa unha causa de nulidade de pleno dereito (art. 217 Lei 58/2003), polo que, todo o actuado interrompiu a prescrición da acción para liquidar.

Motivo c.- O recorrente indica que a notificación (información de recursos) da liquidación é incorrecta dado que lle dan a posibilidade do art. 241 TER Lei 58/2003 e non o recurso ordinario ante o TEAR.

Esto é certo mais non é causa de nulidade o non ser causa de indefensión; coma indica o recorrente, o falarmos dunha liquidación diferente da inicial (artigo de aplicación) non estarmos propiamente ante un incidente de execución senón ante un recurso ordinario; o que acontece é que a vía indicada non lle minguou as posibilidades de defensa, xa que o recorrente formulou alegacións/motivos que no se cinguían á propia execución e foron contestados polo TEAR e, en todo caso, na vía xudicial tivo abertas tódalas posibilidades, o que nos leva a rexeitalo motivo indicado.

Motivo d.- Caducidade do procedemento de xestión.

O recorrente suma o tempo do 1º procedemento e do segundo (case oito meses) e tamén indica que dende a entrada da sentenza de 28.10 no órgano competente para executala (14.12.2015) ata a notificación da 2ª liquidación - 08.02.2017- transcorreron 423 días (14 meses), polo que o procedemento estaría caducado.

Ó caso de autos lle son de aplicación os principios que establece o Tribunal Supremo en sentenza do 22 de maio de 2018, recurso 275/2017 , ECLI:É:TS:2018:2018, tras reproducir parcialmente as do 31 de outubro de 2017 (casación 572/2017) e o posterior número 60/2018, do 19 de xaneiro (casación 1094/2017) en canto resolvían polo menos en parte as cuestións admitidas como de interese casacional obxectivo: "Determinar se, anulada na vía económico-administrativa unha comprobación de valores por falta de motivación e, polo tanto, a liquidación derivada da mesma, a nova comprobación de valores e a liquidación correspondente: (i) débense entender producidas nun novo procedemento de xestión tributaria do artigo 134 da Lei 58/2003, do 17 de decembro , Xeral Tributaria , ou nun procedemento de execución de resolucións administrativas rexido polo artigo 66 do regulamento xeral de revisión en vía administrativa, aprobado por Real Decreto 520/2005 , do 13 de maio , e; (ii) para determinar o prazo aplicable ao procedemento pertinente, débese acudir ao artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro , Xeral Tributaria , ao actual artigo 150.7 da devandita lei por analogía [anterior artigo 150.5] ou ao apartado 2 do artigo 66 do regulamento xeral de revisión en vía administrativa, anudando neste último caso ao seu incumprimento as mesmas consecuencias xurídicas que a xurisprudencia do Tribunal Supremo anudó ao incumprimento do prazo equivalente do derogado artigo 110.2 do regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas , aprobado por Real Decreto 391/1996, do 1 de marzo", fixa a seguinte interpretación das normas concernidas no litixio: "1º) O artigo 66.4 RGRVA, en relación cos apartados 2 , 3 e 5 do mesmo precepto, debe interpretarse no sentido de que, anulada na vía económico-administrativa unha comprobación de valores por falta de motivación e, polo tanto, a liquidación derivada da mesma, ordenando retrotraer as actuacións para que se practique nova comprobación e apróbese outra liquidación, as novas actuacións realizadas no procedemento retrotraído e a resolución que se dite deben entenderse producidas nun novo procedemento de xestión tributaria do artigo 134 da LGT 2003 ; e non nun procedemento de execución de resolucións administrativas rexido polo artigo 66 RGRVA. 2º) Tratándose de procedementos tributarios de xestión, o tempo no que debe ser ditada a nova resolución, despois de retrotraídas as actuacións, réxese polo artigo 104.1 LGT e non polo artigo 150.5 LGT (actual artigo 150.7).



3 °) O artigo 104 LGT debe ser interpretado no sentido de que, nunha situación como a do presente litixio, a Administración tributaria debe tramitar o procedemento retrotraído e notificar unha resolución ao interesado no prazo que reste desde que se realizou a actuación procedimental causante da indefensión do interesado, que determinou a anulación do acto administrativo que puxo fin ao procedemento (nun caso como o litixioso o tempo gastado desde a valoración inmotivada). Devandito prazo empeza a contarse desde o día seguinte a aquel en que se comunica a resolución anulatoria con retroacción de actuacións ao órgano competente para levala a puro e debido efecto".

Tendo entrada, no órgano competente para ditala nova liquidación, o 14.12.2015 a sentenza, a administración contaba, como moito, cun prazo de 6 meses para tramitalo novo expediente, resultando que superou o prazo dos seis meses, polo que, acollémola pretensión de caducidade e correlativa prescrición do dereito a liquidar.

TERCEIRO.- Impoñenselle as custas (nun 50% ó TEAR en un 50% á ATRIGA ata a contía máxima de 1.500 euros para cubrilos custos da asistencia xurídica e representación do recorrente, de conformidade co disposto no artigo 139 da Lei Xurisdiccional .

Por todo o exposto, en nome do Rey, pola autoridade que lle confire a Constitución, esta sala decidiu

FALLAMOS

Que ACOLLÉMOLO recurso contencioso-administrativo presentado por D^a Otilia , Penélope e Raimunda contra a resolución de 30.11.2018 do TEAR (Liquidación ITP, exped. NUM000) anulándoo por contrario a dereito, por caducidade do procedemento e correlativa prescrición do dereito a liquidar .

Impoñenselle as custas.

Notifíquese ás partes e, no seu momento, devólvase o expediente administrativo á súa procedencia, con certificación desta resolución. Contra esta resolución teñen un recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo. Devandito recurso haberá de prepararse ante a Sala de instancia no prazo de trinta días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución que se recorre, en escrito no que, dando cumprimento aos requisitos do artigo 89 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa , tómese en consideración o disposto no punto III do Acordo da Sala de Goberno do Tribunal Supremo de data 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima e outras condicións extrínsecas dos escritos procesuais referidos ao recurso de casación (B.Ou.E. do 6 de xullo de 2016).

Así o pronunciamos, mandamos e asinamos.